# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15021482 | IES San Clemente | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Lingua galega e literatura I | 1º Bac. | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime de adultos |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 27 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 28 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 29 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 29 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 31 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 31 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 31 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 31 |
| 7.2. Actividades complementarias | 34 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 35 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 35 |
| 9. Outros apartados | 36 |

## 1. Introdución

A materia de Lingua Galega en primeiro de bacharelato (a distancia) continúa o trazado establecido na etapa anterior; aínda que presenta uns fins determinados de acordo aos obxectivos desta etapa. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.
Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos que se abordan en primeiro de bacharelato non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados; pero coa singularidade de que no bacharelato, o desenvolvemento das competencias do alumnado requirirá unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación.
Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística. É de vital importancia que neste momento o alumnado repare na realidade lingüística de Galicia, así como no lugar que ocupa o noso idioma no contexto peninsular co propósito de que desenvolva unha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura, «Antre dous séculos». E o cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.
Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.
Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».
A proposta didáctica que se presenta para primeiro de bacharelato (a distancia) está articulada arredor de doce unidades didácticas (repartidas en tres triemestres) cuxos títulos gardan relación co propio contido da unidade. Están articuladas segundo a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
Na ensinanza a distancia prímase a elaboración dunhas boas guías de contidos para que o alumnado poida acceder con facilidade á materia: apuntamentos, resumos, vídeos explicativos, presentacións, preguntas frecuentes e elaboración de exercicios autoavaliables e outros para entregar ao profesor. A ensinanza a distancia ten unhas características particulares que afectan, tanto ao xeito de ensinar (metodoloxía, materiais etc.) como á forma de avaliar (instrumentos de avaliación, criterios de cualificación). O número de alumnado, a súa procedencia heteroxénea etc., tamén inflúe decisivamente na forma de organizar esta materia.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 40 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 40 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 50 | 2 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas. | 3 | | | 1-2-3-4 | 40 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 11 | | | 2-31-32 |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-31-32-42 |
| OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 50 | | | |
| OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 31 | 1-2-3 | | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Linguas e falantes. | Diversidade lingüística, plurilingüismo, termos de sociolingüística: bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico etc. Ademais trátase a relación entre a lingua galega e a lusofonía. | 9 | 8 | X | | |
| 2 | Comunicámonos e reflexionamos sobre a lingua. | Comunicación, elementos da comunicación, funcións da lingua, funcións sociais da lingua, disciplinas lingüísticas. Signo lingüístico. | 8 | 8 | X | | |
| 3 | Linguaxe literaria. Características. | Linguaxe literaria e non literaria, recursos estilísticos, versificación, tipos de estrofas. | 8 | 9 | X | | |
| 4 | Lingua e literatura: perspectiva histórica. A Idade Media | Etapas da literatura galega. Nacemento da lingua. A lingua e a literatura na Idade Media. | 9 | 9 | X | | |
| 5 | Os textos e as propiedades textuais. | Tipos de textos. Redacción. Oralidade. Adecuación, cohesión e coherencia. | 8 | 9 | | X | |
| 6 | A variación da lingua e a literatura popular. | As variedades lingüísticas. Trazos dialectais do galego. A lingua na literatura de tradición oral. | 8 | 9 | | X | |
| 7 | A literatura galega medieval. | Análise das distintas tipoloxías textuais medievais: lírica profana e relixiosa. A prosa medieval. | 8 | 9 | | X | |
| 8 | Lingua e literatura: Séculos Escuros e Prerrexurdimento. | A lingua e a literatura galega no período comprendido entre os séculos XVI e inicios do XIX. | 8 | 9 | | X | |
| 9 | Palabras para crear textos: substantivos e adxectivos. | Orixe e formación de palabras. Análise de substantivos e adxectivos: clasificación, formación de xénero e número, gradación. | 9 | 9 | | | X |
| 10 | Palabras para crear textos: verbos, pronomes e outras palabras. | Análise e estudo doutros tipos de palabras: verbos (regulares, irregulares, perífrases), artigo, demostrativo, posesivo, numerais, indefinidos, pronome persoal, adverbio, etc. | 9 | 9 | | | X |
| 11 | O Rexurdimento da literatura galega. Rosalía de Castro. | Rexurdimento da lingua, cultura e literatura galegas. Precursores e Rosalía de Castro. | 8 | 9 | | | X |
| 12 | O Rexurdimento da literatura galega. Curros, Pondal, outros autores. | Outros autores do Rexurdimento: Curros, Pondal e epígonos. | 8 | 8 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Linguas e falantes. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | 50% | PE | 100 |
| CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas. | 50% | | |
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | 50% | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica.<br>- Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil).<br>- Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.<br>- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.<br>- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.<br>- Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.<br>- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Comunicámonos e reflexionamos sobre a lingua. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social. | 50% | PE | 98 |
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | 50% | | |
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | 50% | | |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | 50% | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | 50% | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | 50% | | |
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Non procede | TI | 2 |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Non procede | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. |

| **Contidos** |
|---|
| - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Linguaxe literaria. Características. | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | 50% | PE | 99 |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | 50% | | |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | 50% | | |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | 50% | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | 50% | | |
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | 50% | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega ¿e tamén da lusófona¿ obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Non procede | TI | 1 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega ¿e tamén do ámbito lusófono¿, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. |
| - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. |
| - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. |
| - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario. |
| - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. |
| - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. |
| - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. |
| - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias |
| - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. |
| - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. |
| - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na |

| Contidos |
|---|
| - tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Lingua e literatura: perspectiva histórica. A Idade Media | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | 50% | PE | 99 |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | 50% | | |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | 50% | | |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | 50% | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | 50% | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | 50% | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega ¿e tamén da lusófona¿ obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Non procede | TI | 1 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega ¿e tamén do ámbito lusófono¿, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.<br>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.<br>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.<br>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.<br>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.<br>- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. |

| Contidos |
|---|
| - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Os textos e as propiedades textuais. | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | 50% | PE | 97 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | 50% | | |
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | 50% | | |
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | 50% | | |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | 50% | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | 50% | | |
| CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información. | 50% | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Non procede | TI | 3 |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Non procede | | |
| CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Non procede | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en |

| Contidos |
| --- |
| - tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

O proceso de ensino deberá estar dirixido non tanto á transmisión de coñecementos como ao desenvolvemento por parte do alumnado de habilidades e estratexias de planificación da propia actividade de aprendizaxe. Será preciso integrar na práctica do curso tanto procedementos, conceptos e actitudes como o traballo das capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir) así como todos os bloques de contidos presentes nos currículos.
A actividade creativa do alumnado é factor decisivo na realización da aprendizaxe. É o/a alumno/a quen modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento, construíndo a súa propia aprendizaxe. En todo caso, tentarase que o alumnado sexa o protagonista dentro da aula, e non só un mero receptor de información, para o cal se fomentarán e valorarán as súas iniciativas á hora de propor actividades e desenvolvelas participativamente, de crear os seus propios textos a partir de modelos propostos, de expresar e confrontar as súas opinións críticas sobre os distintos asuntos tratados, etc.
A metodoloxía estará sempre en función do desenvolvemento das competencias clave, incidindo de maneira particular naquelas que se encontran máis presentes nesta materia, basicamente a competencia en comunicación lingüística, mais tamén as competencias para aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, social e cidadá e tratamento da información e competencia dixital; tendo en conta sempre que tanto o proceso de aprendizaxe como o de adquisición de competencias progresa en espiral, o que significa que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ao mantemento e á activación das dos cursos anteriores, pois sobre elas se asenta. Neste proceso a persoa docente actuará como guía e mediador para facilitar a construción desa aprendizaxe.
Noutra orde de cousas, é importante entender que a profunda transformación que nos últimos anos se vén experimentando na sociedade no campo da adquisición e procesamento da información obriga a adaptar as metodoloxías e estratexias didácticas no ensino. O alumnado, en particular, máis familiarizado coas novas linguaxes comunicativas, manifesta unha receptividade moito máis grande á adquisición de contidos a través dos novos soportes informáticos. O modelo de ensino a distancia debe, por tanto, aproveitar esta circunstancia para aproveitar a motivación do alumnado. Os recursos informáticos, dos que este centro se encontra moi ben dotado son, pois, unha arma eficaz para, por un lado, captar a atención do alumnado, estimulando a súa motivación e, por outro lado, para convertelo nun elemento máis activo no proceso de aprendizaxe.
Guiados por esta metodoloxía, empregaremos na aula virtual tanto material propio (gravacións, vídeos titoriais, presentacións, foros, exercicios interactivos..) como alleo, mediante ligazóns a aqueles recursos da rede que resulten interesantes. É conveniente salientar a importancia especial que neste modelo de educación a distancia presenta a comunicación entre profesorado e alumnado e mesmo entre o propio alumnado entre si. Para iso, fomentaremos a comunicación polos foros das materias e realizaremos tamén titorías web a través da plataforma virtual do centro.
As orientacións básicas que guían a metodoloxía da nosa materia son as seguintes:
Ir substituíndo progresivamente as dinámicas de aprendizaxe dedutiva e indutiva por outra de natureza interactiva, máis participativa, creativa e lúdica que reforce a motivación do alumnado e a potencie a súa madurez.
Reforzar os aspectos prácticos da lingua galega, Ortografía, Fonoloxía e Gramática, poñendo especial atención na nas competencias lingüísticas activas, aproveitando as estruturas lingüísticas que cada alumno/a ten xa interiorizadas para, a partir delas, afianzar o coñecemento gramatical, procurando prescindir na medida no posíbel do hábito dunha explicación teórica.
Con todo, segue entendéndose evidentemente como necesaria a explicación daquelas cuestións que a persoa docente considere imprescindíbeis para unha correcta orientación do traballo do alumnado. Empregaranse tamén para este fin materiais curriculares elaborados por el/a ou tirados de diversos campos (xornais, televisión, literatura...) que sirvan ao mesmo tempo para achegar a dinámica do curso á realidade en que o alumnado se

encontra inmerso. A realización de exercicios de tipo práctico permitirá o afianzamento dos coñecementos lingüísticos.
Profundar no estudo do léxico, partindo do coñecemento do vocabulario máis concreto e próximo, ben organizándoo en campos léxicos xerais, de xeito que se tenda a enriquecer o vocabulario de maneira uniforme, ben partindo, de maneira menos sistemática, de textos literarios ou non literarios, láminas, recolleitas da lingua oral, etc.
Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe das linguas, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental (de todo tipo de textos, mais especialmente dos expositivos e argumentativos) e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. As habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.
Para tal fin, promoveranse actividades de lectura, análise e comprensión de textos escritos de natureza moi variada, procurándose alcanzar unha boa competencia na corrección e na comprensión dos contidos e na capacidade para valorar de xeito crítico e persoal a información presente neles.
Tamén se realizarán actividades de produción de textos escritos, igualmente de natureza variada, onde se pretenderá afianzar e progresar no emprego correcto das linguas (aspectos ortográficos e gramaticais), da selección de vocabulario, da textualidade, da organización dos contidos, da adecuación á situación comunicativa e da correcta presentación visual.
Potenciar, dentro das escasas posibilidades que este sistema de ensino a distancia ofrece, a oralidade, fomentando a participación activa e espontánea do alumnado nas videotitorías. Será importante conseguir que as intervencións orais se desenvolvan, na medida do posíbel, dentro da corrección lingüística, da claridade e corrección na exposición de contidos e argumentos, e participen dun espírito de respecto e tolerancia ante as opinión discrepantes. Para isto precisarase crear na aula un bo ambiente de respecto e boa acollida por parte do grupo cara ás intervencións do alumnado.
Promover a utilización da diversidade de fontes (manuais, enciclopedias, internet...) e recursos para a obtención da información, para realizar unha selección crítica da mesma e empregala para unha correcta elaboración de textos propios, nos que se abra a posibilidade de emitir opinións persoais. Fomentarase o emprego de programas informáticos para a confección de traballos e actividades (procesador de textos e presentacións, basicamente)
Promover a lectura até a adquisición por parte do alumnado dun hábito lector, importante para o perfeccionamento lingüístico, para o melloramento da capacidade de expresión e para o mellor coñecemento da realidade literaria, cultural e social do noso país. Con esta finalidade, proporase a lectura de tres obras de literatura ao longo do curso, ademais doutros textos literarios ou non literarios que serán puntualmente empregados na dinámica da clase.
Polo que respecta aos contidos de literatura, a metodoloxía empregada tenderá a partir, na medida do posíbel, do texto literario: da súa comprensión e do seu desfrute. Con frecuencia, o rigor do estudo literario e a excesiva teorización afastan ou dificultan a recreación na lectura, en especial cando aínda non se adquiriu unha suficiente madurez lectora. Isto fai que con frecuencia o alumnado identifique a literatura en si co estudo da literatura (materiais escritos, explicacións do profesor...), máis que co propio texto literario, pensado para o pracer e a reflexión.
Por iso entendemos que o ideal é que o discurso teórico previo estea orientado sempre a facilitar a comprensión do texto e reducirse a dar as claves mínimas necesarias para o alumnado afrontar a lectura. Unha vez lido o texto é cando se debe abordar a reflexión teórica profunda sobre a propia obra, autor, período, situación histórico-social en que foi escrito, etc., deixando que o alumnado, desde a experiencia persoal da súa lectura, colabore activamente na súa elaboración.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Materiais en formato dixital |
| Materiais en formato físico |

Dixital
Na aula virtual do centro ofreceranse, quincena a quincena, os recursos dixitais necesarios para o seguimento do curso. Os principais recursos ofrecidos son:
Guía didáctica na que se tratan os contidos básicos do currículo.
Outros materiais (documentos de texto e presentacións) nos que se achegan informacións relevantes sobre os aspectos máis problemáticos ou complexos do currículo.

Vídeos que recollen as explicacións por parte do profesorado das partes máis importantes e/ou máis problemáticas de cada unidade.
Exercicios interactivos.
Exercicios de autoavaliación.
Tarefas e exercicios variados para seren enviados ao/á profesor/a da materia.
Anotacións aclaratorias sobre conceptos importantes do temario.
Modelos de exames e información sobre os procedementos de avaliación.
Corrección dos exames realizados.
Ligazóns a recursos externos de interese (dicionarios, correctores lingüísticos, páxinas especializadas, exercicios interactivos, presentacións, vídeos...)

Físico
Libros de lectura propostos para cada unha das avaliacións:
1ª avaliación: Sete caveiras de Helena Gallego Abad.
2ª avaliación: A arte de trobar de Santiago Lopo.
3ª avaliación: Cantares Gallegos de Rosalía de Castro.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No ensino a distancia non hai unha avaliación inicial establecida. Unicamente, ao ir revisando os exercicios que voluntariamente envía o alumnado, se lle pode facer algunha valoración previa sobre o nivel de lingua que este emprega.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **9** | **8** | **8** | **9** | **8** | **8** | **8** | **8** | **9** | **9** |
| **Proba escrita** | 100 | 98 | 99 | 99 | 97 | 99 | 99 | 99 | 99 | 99 |
| **Táboa de indicadores** | 0 | 2 | 1 | 1 | 3 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **8** | **8** | **100** |
| **Proba escrita** | 99 | 99 | **99** |
| **Táboa de indicadores** | 1 | 1 | **1** |

**Criterios de cualificación:**

Cualificación das avaliacións
O modelo de ensino a distancia presente neste centro condiciona notablemente os procedementos de cualificación, que deberán reducirse ás probas obxectivas, unha por cada avaliación, que serán programadas pola dirección do IES. Serán avaliadas outro tipo de probas ao longo de cada avaliación (exercicios e tarefas que se irán presentando puntualmente na aula virtual), mais estas non serán tidas en conta para a cualificación do alumnado.

Daquela, o alumnado será cualificado en cada avaliación a partir dunha proba escrita que será valorada seguindo a estrutura que se expón a continuación. O sistema de cualificación neste nivel tomará en consideración, de maneira proporcionada, a adquisición dos coñecementos e competencias estabelecidos nos distintos bloques temáticos do currículo e a capacidade de comprensión e expresión en lingua galega, basicamente a nivel escrito. Nas respostas a estas dúas preguntas valorarase de xeito especial a capacidade de expresión escrita manifestada polo alumnado, a todos os niveis (ortografía, gramática, organización dos contidos, cohesión, textualidade...).
A estrutura dos exames será a seguinte (competencias e contidos avaliados, porcentaxe de valoración a respecto da nota da avaliación):
-Texto para analizar sobre temática preferentemente relacionada cos contidos do bloque do currículo Lingua e sociedade (preguntas sobre o contido ou estrutura do texto, resumo, esquema, valoración crítica sobre as opinións presentes no texto...). Neste apartado, valorarase de xeito especial a capacidade de expresión escrita manifestada polo alumnado, a todos os niveis (ortografía, gramática, organización dos contidos, cohesión, textualidade...): 30 %
-Preguntas sobre aspectos de emprego da lingua (cuestións de tipo práctico relacionadas coa ortografía, a gramática e o léxico): 40 %
-Pregunta(s) sobre literatura: pequeno comentario dunha peza ou fragmento literario e/ou unha cuestión de tipo teórico sobre algún dos contidos deste bloque: 20 %
-Pregunta relacionada coa lectura obrigatoria da avaliación (localizar un fragmento dado no interior da obra, comentar algún aspecto de contido ou estrutura...): 10 %

No caso de que o profesor/a o estime conveniente, poderán ser descontados até 1 punto sobre o valor da proba por erros de redacción (falta de coherencia, cohesión e adecuación na organización dos contidos) e 1 punto por erros lingüísticos (ortográficos, gramaticais e léxicos), conforme ao seguinte criterio:
- Faltas leves: uso de formas morfolóxicas ou léxicas galegas distintas do estándar normativo e erros na acentuación non diacrítica (penalizarase cada erro con 0,05 puntos).
- Faltas graves: erros ortográficos no uso de b/v, h, y... e acentuación diacrítica (penalizarase cada erro con 0,1 puntos).
- Faltas moi graves: uso de formas alleas ao sistema lingüístico do galego: tempos verbais compostos, incorrecta colocación do pronome persoal, castelanismos léxicos... (penalizarase cada erro con 0,2 puntos).

O valor das cuestións avaliadas nas probas programadas terá en conta as seguintes porcentaxes a respecto dos contidos curriculares:
Bloque 1: As linguas e os seus falantes: 15%
Bloque 2: Comunicación: 15%
Bloque 3: Educación Literaria: 30%
Bloque 4: Reflexión sobre a lingua: 40%

A nota da avaliación será a nota do exame, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. Para aprobar o curso sen necesidade de realizar a proba final, será necesario obter unha cualificación mínima de 15 puntos na suma das tres avaliacións, sempre que non haxa máis dunha avaliación suspensa e que a nota desa avaliación non sexa en ningún caso inferior a 4. A nota final do curso será a media aritmética das tres avaliacións, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

**Criterios de recuperación:**

Proba final ordinaria e proba final extraordinaria
No caso de que non se dean as circunstancias anteriormente referidas, o alumnado deberá presentarse ao exame final ordinario, no que se examinará unicamente da avaliación ou avaliacións suspensas. A proba terá unha estrutura idéntica á dos exames das avaliacións. Para aprobar o curso, a nota deste exame, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior, deberá ser, como mínimo de 5 puntos sobre 10. A nota media do curso terá en conta, de maneira proporcional, a nota obtida na avaliación ou avaliacións que foran aprobadas anteriormente, no caso de que se dea esa circunstancia.
De non obter unha cualificación positiva no exame final ordinario, o alumnado deberá presentarse á proba extraordinaria, na que se examinará da totalidade dos contidos da materia. Tamén serán avaliadas nesta proba as lecturas obrigatorias de literatura. A proba terá unha estrutura idéntica á do exame final. A nota final do curso será a nota do exame, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 para aprobalo.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No curso de 1º de Bacharelato non existe a avaliación e seguimento de materias pendentes, xa que o alumnado debe acceder a este nivel educativo con todas as materias do curso anterior aprobadas. Tampouco se pode considerar que haxa neste sistema de ensino alumnado de 2º de Bacharelato coa materia de 1º pendente, xa que aqueles/as alumnos/as que non superasen esas materias continúan a estar matriculados nelas e son atendidos/as polo profesorado correspondente deses niveis educativos.

### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede nesta materia.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade debe considerarse como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado, de maneira que este poida conseguir alcanzar as competencias clave e os obxectivos deste nivel académico, partindo de situacións individuais diversas.
A modalidade de ensino a distancia na que se adscribe a materia obxecto desta programación e a enorme cantidade de alumnos/as matriculados nela (e mesmo o descoñecemento da súa totalidade, ao estar aínda aberta a matrícula no momento de redactarse esta programación didáctica), condicionan de xeito decisivo a atención individualizada a todo o alumnado.
Por un lado, non existe un contacto directo nas aulas co alumnado que permita detectar problemas ou características especiais. Tampouco é posible, por outro lado, unha avaliación inicial completa do alumnado, dadas as condicións deste sistema educativo.
A actuación levada a cabo polo profesorado circunscribirase, daquela, á comunicación a través da aula virtual do centro. A propia estrutura desta aula virtual permite que o propio alumnado vaia adecuando os materiais ofrecidos nela ao seu propio ritmo de traballo e de aprendizaxe, o que redundará nunha mellor adaptación aos contidos curriculares.
Ademais, a posibilidade dunha comunicación directa co/coa profesor/a da materia a través das titorías telemáticas e do foro do curso permitirá unha atención individualizada dos/das alumnos/as na que se solucionen os problemas que a cada un/unha deles/as se lle vaian presentando no seu proceso de aprendizaxe e na que se propoñan estratexias de mellora adaptadas ás características de cada un/unha deles/as.
Por outro lado, no caso de detectarse problemas que afecten de maneira conxunta a parte do alumnado, será posible habilitar na aula virtual algúns contidos complementarios e/ou actividades de reforzo que queden a disposición do alumnado que os precise.
Con todo, hai alumnado que contacta co profesorado da materia e/ou co servizo de orientación e que comunica determinadas necesidades educativas que logo terán resposta na preparación da materia e na elaboración e realización das probas: aplicación de protocolo de dislexia, adaptación de tempos, tamaño de letra dos exames...

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar. | X | X | | | | X | | X |
| ET.2 - Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia. | X | X | | | | | | |
| ET.3 - Valorar as linguas como medios de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de que todas elas, así como os seus falantes, desfruten dos mesmos dereitos. | X | X | | X | | | | |
| ET.4 - Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa; aprender a respectalas e a valoralas. | | | | | X | X | | |
| ET.5 - Fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación. | | | | | X | | | |
| ET.6 - Identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminar, na medida do posíbel, os compoñentes sexistas no uso da lingua. | | X | | X | | | X | X |
| ET.7 - Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais. | | | | X | X | | | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.8 - Desfrutar dos períodos de lecer con actividades que enriquezan a persoa (lectura, música, deporte, contacto coa natureza...), usando a diversión procedente da tecnoloxía (televisión, internet, consolas de videoxogos...) de maneira responsábel e moderada. | X | | X | | | | X | X |
| ET.9 - Entender a importancia de estar ben informados dos aspectos máis relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación. | | X | | | X | | | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar. | | | X | X |
| ET.2 - Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia. | | | | |
| ET.3 - Valorar as linguas como medios de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de que todas elas, así como os seus falantes, desfruten dos mesmos dereitos. | | | X | X |
| ET.4 - Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa; aprender a respectalas e a valoralas. | | | | |
| ET.5 - Fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación. | | | | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|---|---|---|---|
| ET.6 - Identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminar, na medida do posíbel, os compoñentes sexistas no uso da lingua. | | | | |
| ET.7 - Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais. | | | | |
| ET.8 - Desfrutar dos períodos de lecer con actividades que enriquezan a persoa (lectura, música, deporte, contacto coa natureza...), usando a diversión procedente da tecnoloxía (televisión, internet, consolas de videoxogos...) de maneira responsábel e moderada. | X | X | X | X |
| ET.9 - Entender a importancia de estar ben informados dos aspectos máis relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación. | | | | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Non procede | Non procede | | | |

**Observacións:**

As características específicas do ensino a distancia no que se enmarca a materia obxecto desta programación non permiten o deseño dun plan de actividades complementarias e extraescolares convencional, no que se conte coa presenza do alumnado para prolongar a tarefa de ensino-aprendizaxe alén do contexto único da aula.
Por tanto, este aspecto quedará reducido á proposta por parte do/da docente á asistencia a actividades que teñan relación con aspectos curriculares da materia (conferencias, exposicións, concertos, teatro, cinema...) ou cos contidos transversais asociados a ela. Tamén se fomentará a participación do alumnado nas actividades colaborativas que se veñen realizando no centro, con outras escolas europeas, a través da plataforma eTwinning.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Outros |
| Específicos do ensino a distancia (detalle na descrición). |

**Descrición:**

Seguindo as directrices marcadas pola Dirección do Centro, o Departamento continuará este curso co protocolo de autoavaliación e mellora iniciado no curso 2019-20, co obxectivo de conseguir un mellor nivel de implicación por parte do alumnado na actividade docente e, en consecuencia, un maior índice de éxito nas materias impartidas por este Departamento. Analizados os resultados dos dous últimos cursos, considérase oportuno incidir no presente curso nos seguintes aspectos.
1.- Continuar a recoller información sobre as porcentaxes do alumnado que participe nos foros de presentación das materias impartidas polo Departamento, do alumnado co que o profesorado do Departamento estableza contacto individual ou grupal no inicio de curso, do alumnado que contacte co profesorado no inicio do curso, do alumnado matriculado que se presenta a cada materia en cada unha das avaliacións, dos aprobados por avaliación e do número de solicitude de revisión de exames.
A análise destes indicadores nos cursos anteriores, recollidos nun informe que se enviou á dirección do centro, manifesta unha preocupante desconexión de gran parte do alumnado co seguimento do curso a través da plataforma didáctica, que se evidencia de maneira máis relevante na escasa participación nos exames. Como consecuencia disto, estímase oportuno profundar nos aspectos que se expoñen a continuación.
2.- Potenciar o emprego das titorías web, que presentan un sistema de videoconferencia que pode resultar máis atractivo para o alumnado nas súas comunicacións co profesorado, dando a opción de que se activen en calquera das horas dedicadas polo profesorado ás titorías multimedia. É conveniente insistir a principio do curso no interese deste sistema para conseguir que o maior número de alumnos/as se familiarice con este sistema, que até agora continúa infrautilizado.
3.- Continuar a ofrecer o foro de presentación das materias e comunicarlle ao alumnado mediante un correo grupal a conveniencia de participar nel.
4.- Enviar correos grupais cando haxa algunha información de especial relevancia, a pesar de que esta xa figure nalgunha das entradas da aula virtual.
5.- Continuar a explorar o mellor sistema para a elaboración de vídeos didácticos, dado que non están tendo un seguimento moi significativo por parte do alumnado, procurando limitar ao máximo a súa duración e expresar con claridade e síntese unicamente as cuestións principais ou máis complexas de cada tema.
6.- Delimitar os contidos principais de cada quincena para que o alumnado non se vexa desbordado pola gran cantidade de información que aparece en cada unidade nas guías didácticas das materias de Lingua Galega e Literatura. Neste sentido, vese necesario comunicarlle á dirección do centro que, segundo se manifestou xa nalgunha CCP, sería conveniente reducir o número de entradas por quincena na aula virtual, agrupando as FAQ e eliminando algunha de menor importancia, como o obxectivo e a axenda.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptíbel de ser modificada a partir da experiencia real das aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e achegará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.
O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:
a) A avaliación da programación en si, en tanto que instrumento pedagóxico. Trátase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos contidos expostos en cada nivel educativo, na idoneidade da secuenciación destes, no nivel de

complexidade da metodoloxía empregada no proceso de ensinanza-aprendizaxe (sobre todo no emprego das TIC), na efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados...
A través das reunións de departamento, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se considere oportunas, xa neste mesmo curso sempre que for posíbel ou, de non selo, tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos.
b) A avaliación da interacción do alumnado coa programación. Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.
- Competencia en comunicación lingüística: a observación das habilidades do alumnado para empregar correctamente a linguaxe, fundamentalmente na escrita, saber interpretar mensaxes dunha certa complexidade e estar capacitado para emitir xuízos críticos, xerando ideas propias e adoptando decisións persoais.
- Competencia dixital: as actividades realizadas con axuda das TIC contribuirán notablemente a desenvolver a capacidade do alumnado para obter e procesar información dos novos soportes informáticos, transmitila e transformala en coñecemento. A avaliación desta competencia será fundamental para a analizar eficacia pedagóxica destas estratexias.
- Competencias sociais e cívicas: a participación activa do alumnado na aula, fisicamente, no foro da materia e nas videotitorías, favorecerá a intercomunicación entre o alumnado en tarefas comúns, a capacidade para valorar tanto as opinións propias como as alleas e integralas de maneira coparticipativa nunha única dinámica de ensinanza-aprendizaxe.
- Competencia para a conciencia e as expresións culturais: En boa parte, os contidos do currículo, fundamentalmente de literatura, abórdanse desde unha perspectiva interdisciplinar, vinculándose a outras expresións artísticas e culturais coas que mantén unha relación directa. Será importante avaliar a capacidade do alumnado para entender, a partir desa visión, o fenómeno da literatura como unha mostra artística integrada no conxunto das manifestacións culturais dunha sociedade determinada. Por outro lado, avaliarase a súa competencia para empregar os recursos propios da expresión literaria en traballos de creación que se irán propoñendo ao longo do curso.
- Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor: a procura individual de información, a responsabilidade persoal á hora de discriminala, a capacidade para achegar iniciativas ao grupo, servirán para avaliar esta competencia, para analizar até que punto cada alumno/a é capaz de responder aos retos que se lle presentan á hora de tomar decisións que teñan repercusións na súa contorna pedagóxica (e por extensión, na súa vida).

## 9. Outros apartados